

liñas xerais da

PLANIFICACIÓN PLURIANUAL 2012-2014



O Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (DOG nº 21, do 2 de febreiro de 2010) establece no seu artigo 35, apartado d), que entre as funcións do claustro está “o informe preceptivo sobre a planificación plurianual da Universidade que o reitor ou reitora presentará no primeiro ano de mandato”.

A negociación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 nos últimos meses do ano 2010 e a posterior fase de concreción dos seus diferentes apartados, desenvolta ao longo do 2011 –e aínda sen finalizar-, non fixeron factible render dito informe nas sesións do Claustro celebradas en decembro de 2010 e en xullo de 2011.

Pensamos, sen embargo, que cun plan estratéxico vixente ata o remate de 2012 -aprobado no seu día con moi ampla maioría en todos os órganos de goberno- no que se establecen os grandes obxectivos e as liñas estratéxicas da Institución, e nun contexto económico convulso e con enormes doses de incerteza a respecto da súa evolución futura, mesmo a curto prazo, o exercicio de realizar unha planificación plurianual, tentando debuxar un escenario concreto e cuantitativo a tres anos vista, ten unha efectividade, cando menos, limitada.

É por isto que desenvolvemos moito máis polo miúdo as liñas de actuación orzamentaria para 2012, tentando reflectir, coa información dispoñible neste momento, os condicionantes de financiamento e os criterios que sustentarán a elaboración do orzamento 2012.

Porén, en cumprimento do que establecen os Estatutos, presentamos neste documento a planificación plurianual 2012-2014, que sometemos ao informe preceptivo deste Claustro.

1. DISCIPLINA ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

A Lei 2/2011, da Presidencia da Xunta de Galicia, de 16 de xuño (DOG de 29 de xuño), de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece o marco legal no que debe desenvolverse a xestión económica das universidades públicas galegas e as súas actuacións en materia orzamentaria.

O obxecto desta lei é o establecemento dos principios reitores aos que deberá adecuarse a política orzamentaria, co obxecto de garantir a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira ao longo do ciclo económico.

Polo seu interese para o desenvolvemento da planificación plurianual da Universidade de Vigo, extractamos de seguido os aspectos que consideramos máis relevantes:

Artigo 2. *Ámbito subxectivo*. As disposicións desta lei aplicaranse aos seguintes axentes, que, de acordo coas normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais, compoñen o inventario do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia: c) As universidades públicas de Galicia e os axentes vinculados a estas ou dependentes delas.

Artigo 3. *Principio de sustentabilidade financeira*. Os axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei garantirán a sustentabilidade financeira das súas finanzas ao longo do ciclo económico. Entenderase por sustentabilidade financeira, para os efectos desta lei, a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros sen incorrer nun déficit ou endebedamento público excesivo consonte as normas de estabilidade orzamentaria e os compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea.

Artigo 4. *Principio de estabilidade orzamentaria*. A política orzamentaria dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei supeditarase ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para a Comunidade Autónoma de Galicia, definido en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e expresado en porcentaxe do produto interior bruto rexional a prezos de mercado. Entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Artigo 7. *Principio de eficiencia na asignación e no emprego de recursos públicos*. As políticas de gasto público deben planificarse, programarse e orzarse atendendo á situación económica e ao cumprimento do principio de sustentabilidade financeira. De cara a garantir unha xestión dos recursos públicos orientada pola eficacia, pola eficiencia e pola calidade, o gasto público executarase aplicando políticas de racionalización e contención do gasto tendentes a simplificar as estruturas administrativas e a mellorar e incentivar a produtividade do sector público.

Artigo 8. *Principio de responsabilidade*. Os axentes recollidos no artigo 2 implantarán criterios de responsabilidade na xestión do gasto, que permitan promover unha administración máis eficaz e eficiente. A Comunidade Autónoma de Galicia non asumirá nin responderá dos compromisos das entidades locais, dos das universidades nin dos dos entes vinculados a estas ou dependentes delas, sen prexuízo das garantías financeiras mutuas para a realización conxunta de proxectos específicos.

Artigo 9. *Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria*. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos axentes comprendidos no artigo 2.2 a) realizarase en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento segundo a definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais. Excepcionalmente, en función da situación cíclica da economía ou de circunstancias extraordinarias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá presentar déficit, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa básica en materia de estabilidade orzamentaria. Os orzamentos iniciais, ou, se é o caso, modificados, dos restantes axentes deberán aprobarse e liquidarse en equilibrio en termos de contabilidade nacional, agás as partidas que se financien con remanente afectado. Cando nos orzamentos iniciais dos axentes incluídos no sector público autonómico exista gasto financiado con remanente afectado, os orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma de Galicia recollerán os axustes precisos para compensar os déficits xerados en termos de contabilidade nacional.

Artigo 10. *Déficit adicional por investimentos produtivos*. Excepcionalmente, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá presentar déficit adicional, cando este se destine a financiar incrementos de investimento en programas dedicados a atender actuacións produtivas, incluídos a investigación, o desenvolvemento e a innovación. En todo caso, o déficit resultante non poderá superar, en cómputo total e anual, o 0,25% do produto interior bruto rexional. Na presentación do programa de investimentos deberá acreditarse a capacidade de xerar rendementos futuros dos proxectos presentados, a contribución de tales proxectos á mellora da produtividade da economía e garantir un nivel de endebedamento que se axuste ao principio de sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas.

Artigo 21. *Disposicións específicas para as universidades e para os axentes vinculados a estas ou dependentes delas*. Ademais das disposicións contidas nos capítulos precedentes desta lei, ás universidades e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas seranlles aplicables as seguintes disposicións específicas: 1. Os orzamentos das universidades deberán elaborarse con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. 2. As contas anuais consolidadas de cada universidade deberán remitírselle á consellería competente en materia de facenda antes do 30 de xuño do exercicio seguinte. Esta documentación xuntaráselle á Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa remisión ao Consello de Contas de Galicia.

Disposición transitoria. *Plans de sustentabilidade financeira das universidades*. Os orzamentos das universidades axustaranse e executaranse, en todo caso, consonte os planos de sustentabilidade financeira presentados ao abeiro do Plan de financiamento universitario 2011-2015 e co informe favorable da consellería competente en materia de facenda.

Efectivamente, o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, introduce o requisito de que as universidades deben presentar, diante da Consellería de Facenda, un Plan de Sustentabilidade Financeira que debe incluír, como mínimo, os seguintes contidos: a) a descrición da situación (financeira) actual da universidade, e a orixe e xustificación da mesma; b) as medidas correctoras, xa aplicadas ou a adoptar

para corrixir a situación (financeira) existente; c) o escenario de evolución da situación financeira da universidade para acadar o equilibrio orzamentario.

Nestes plans primaranse criterios de eficiencia e eficacia, tanto na xestión económico-financeira coma na propia planificación académica da Universidade, e tamén as medidas que permitan compartir recursos entre as tres universidades galegas.

Coa sinatura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, as universidades comprométense ao cumprimento, durante a vixencia do mesmo, dos obxectivos de equilibrio orzamentario e, por ende, a atender aos compromisos que se expresan nos seus plans de sustentabilidade.

Parte das achegas do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 ás universidades encádranse no fondo denominado “Financiamento por mellora da calidade”. O reparto deste fondo está directamente ligado ao cumprimento dos compromisos incluídos no plan de sustentabilidade.

A Universidade de Vigo ten presentado no mes de febreiro do presente ano, ao igual que as outras universidades galegas, diante da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia unha proposta de plan de sustentabilidade do que, unha vez validados os criterios utilizados na formulación do mesmo, a súa concreción definitiva será sometida á consideración do Consello de Goberno.

2. DESCRICIÓN DA SITUACION FINANCEIRA ACTUAL.

Para realizar a análise da situación actual utilizaremos unha serie de cadros informativos que describen os condicionantes da situación financeira da Universidade de Vigo.

O factor que marca en maior medida as necesidades de axuste financeiro das contas da Institución é a evolución das achegas procedentes da Xunta de Galicia. Como se pode apreciar no Gráfico 1, as achegas ao conxunto do Sistema Universitario Galego tiveron un descenso a partir de 2009.




Gráfico 1. Evolución das achegas da Xunta de Galicia ao SUG, 2005-2012

Dentro destes importes, os recibidos pola Universidade de Vigo recóllense no Gráfico 2, nos que a evolución, como é previsible, é a mesma.




Gráfico 2. Achegas dos Plans de Financiamento á Universidade de Vigo. 2005-2012.

A situación que amosa o Gráfico 2, condicionou o importe do orzamento da Universidade de Vigo nos dous últimos exercicios, que padecen a redución das achegas. O gráfico nº3 presenta a evolución global dos orzamentos:




Gráfico 3. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2005-2012.

Se, atendendo ao anterior, separamos a composición de ingresos e gastos, o Cadro 1 presenta a constitución do orzamento de ingresos por capítulos, así coma a variación experimentada entre os sucesivos exercicios. Por outra banda, a distribución porcentual do ingreso por capítulos e a súa evolución, recóllese no Cadro 2.

CAPÍTULO	2010	2011	% 11/10	2012	% 12/11
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.833.018	15.494.000	-2,14%	15.854.000	2,32%
IV Transferencias correntes	98.549.919	104.773.702	6,32%	111.536.693	6,45%
V Ingresos patrimoniais	535.000	282.000	-47,29%	190.000	-32,62%
Ingresos correntes	114.917.937	120.549.702	4,90%	127.580.693	5,83%
VII Transferencias de capital	39.458.798	25.820.764	-34,56%	19.318.964	-25,18%
VIII Variación de activos financeiros	21.623.585	15.271.575	-29,38%	16.070.088	5,23%
IX Variación de pasivos financeiros		6.261.812	--	0	--
Ingresos de capital	61.082.383	47.354.151	-22,47%	35.389.052	-25,27%
TOTAIS	176.000.320	167.903.853	-4,60%	162.969.745	-2,94%

Cadro 1.Orzamento de ingresos

Como aparece reflectido no Cadro 1, prodúcese unha caída de 8,1 millóns de euros no total de ingresos consignados para 2011, o que representa un descenso relativo do -4,6 % sobre os ingresos computados no exercicio anterior. En 2012, os ingresos redúcense en 4,9 millóns de euros, respecto a 2011, cun descenso relativo do -2,94%.

Os ingresos correntes experimentan un crecemento de 5,6 millóns de euros en 2011 respecto a 2010 - unha taxa de incremento do 4,90%- e de 7 millóns de euros en 2012 sobre 2011 -incremento do 5,83%-. A súa evolución está moi ligada a nova estrutura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. Pola contra, e polas mesmas razóns, os ingresos de capital experimentan unha minoración de 13,7 millóns de euros, o que representa unha caída porcentual do -22,47% en 2011 sobre 2010, e de 12 millóns de euros en 2012 respecto de 2011 -redución do -25,27%-.

O Cadro 2, recolle a participación dos diferentes capítulos de ingreso no conxunto destes.

CAPÍTULO	2010	2011	EVOLUCIÓN	2012	EVOLUCIÓN
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	9,00%	9,23%	▲	9,73%	▲
IV Transferencias correntes	55,99%	62,35%	▲	68,44%	▲
VII Transferencias de capital	22,42%	14,99%	▼	11,85%	▼
VIII Variación de activos financeiros	12,29%	8,52%	▼	9,86%	▲
IX Variación de pasivos financeiros	0,00%	4,74%	▲	0,00%	▼

Cadro 2. Distribución porcentual dos ingresos por Capítulos

Verbo do orzamento de gastos, a distribución por capítulos e a súa comparación relativa entre exercicios aparecen recollidas no Cadro 3.

En canto a súa evolución por capítulos, deben destacarse os seguintes feitos:

O capítulo I, de gastos de persoal, supón a principal fonte de gasto, cun importe en 2011 de 94.823.000 €. Isto reduce nun 4,54% o gasto de persoal do exercicio 2010, como consecuencia do recorte salarial aos empregados públicos. Para o exercicio 2012, os gastos de persoal seguen a ser a principal fonte de gasto (un 57,43% do total do orzamento), cun importe de 93.598.000 €. Isto reduce nun -1,29% o gasto de persoal do exercicio 2011. Esta redución é atribuíble á xubilación de persoal docente funcionario en áreas nas que, por exceso de capacidade docente, non é preciso contratar persoal de substitución; a unhas máis estritas normas de contratación de persoal docente eventual e interino; ao menor fluxo de entrada de investigadores captados a través dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e

Parga Pondal, consecuencia da cada vez menor oferta de prazas que se realiza nesas convocatorias ; e tamén á reforma do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado. É salientable que o impacto do Capítulo I no total do orzamento de gastos da Universidade de Vigo segue a ser inferior ao que ten nas outras universidades do SUG.

CAPÍTULO	2010	2011	% 11/10	2012	% 12/11
I Persoal	99.336.400	94.823.000	-4,54%	93.598.000	-1,29%
II Gastos correntes	28.496.842	24.576.036	-13,76%	25.185.021	2,46%
III Gastos financeiros	73.003	50.000	-31,51%	50.000	0,00%
IV Transferencias correntes	6.844.045	7.160.659	4,63%	7.592.497	6,10%
V Fondos de continxencias	500.000	600.000	20,00%	360.000	-40,00%
Operacións correntes	135.250.290	127.209.695	-5,94%	126.785.518	-0,33%
VI Investimentos reais	38.123.029	38.214.158	0,24%	33.592.227	-12,09%
VIII Activos financeiros	90.001	50.000	-44,45%	50.000	0,00%
IX Pasivos financeiros	2.537.000	2.430.000	-4,21%	2.542.000	4,61%
Operacións de capital	40.750.030	40.694.158	-0,14%	36.184.227	-11,08%
TOTAIS	176.000.320	167.903.853	-4,60%	162.969.745	-2,94%

Cadro 3. Análise do orzamento de gastos

O Capítulo II, gastos correntes, experimenta en 2011 un descenso do -13,74% respecto a 2010, pasando a 24.581.036 €, produto dun importante axuste que se realiza nos gastos correntes, tentando compensar a rebaixa do gasto cunha maior eficiencia. No ano 2012, os gastos correntes, increméntase un 2,46%, pasando de 24.581.036 € a 25.185.021 €. É importante ter en conta, sen embargo, que do total de gasto corrente, 2.110.102 € corresponden á execución do proxecto Campus do Mar. Así pois, o gasto corrente ordinario da institución, descontado o Campus de Excelencia Internacional, é en 2012 de 23.074.919 €, cifra esta que é pertinente comparar co gasto corrente do exercicio 2011, e que supón unha diminución do -6,13% a respecto do exercicio anterior.

O capítulo IV, de transferencias correntes, supuxo en 2011 7.160.659 €, incrementando o valor do exercicio anterior nun 4,63%. No exercicio 2012, as transferencias correntes estímase en 7.155.659 €, cun incremento do 6,10% respecto de 2011.

O Capítulo VI de investimentos reais presenta en 2011 un importe similar ao do exercicio precedente, motivado por dúas causas: por unha banda, polo mantemento dos compromisos nas infraestruturas en curso e, pola outra e como novidade, polas achegas asociadas ao investimento no Campus do Mar, procedentes do Campus de Excelencia e do Innocampus, así coma do programa Innplanta. No exercicio 2012, os investimentos reais sofren unha diminución do -12,09% verbo do 2011. De considerarmos a

captación de recursos de 2011 e a súa correspondente execución en 2012, (as convocatorias FEDER e INNPLANTA, en fase de resolución provisional, por importe de 3.159.087 €), a diminución sería do -3,83%. Aínda coa execución parcial en 2012, dos proxectos Campus do Mar e CINBIO, este capítulo representa en 2012 o 20,61% do total de gastos, fronte ao 23,33% de 2011. Nunha conxuntura como a actual, de crise económica profunda, preservar o normal funcionamento da institución, facendo fronte aos gastos de persoal, aos gastos correntes e ás transferencias correntes, esixe limitar ao mínimo imprescindible os investimentos reais.

A distribución dos capítulos de gasto recóllese no Cadro 4. Nel apréciase como o Capítulo I, gastos de persoal, segue a absorber a maior porcentaxe de gasto.

CAPÍTULO	2010	2011	EVOLUCIÓN	2012	EVOLUCIÓN
I Persoal	56,44%	56,47%	◀▶	57,43%	▲
II Gasto corrente	16,19%	14,35%	▼	15,45%	▲
IV Transferencias correntes	3,89%	4,00%	▲	4,66%	▲
VI Investimentos reais	21,66%	23,33%	▲	20,61%	▼
IX Pasivos financeiros	1,44%	1,45%	◀▶	1,56%	◀▶

Cadro4. Distribución do gasto por Capítulos

O Cadro 5, pola súa vez, resume por agregación dos capítulos de ingresos e gastos as operacións correntes e de capital, así coma os seus saldos.

CAPÍTULO	2010	2011	2012
Ingresos correntes	114.917.937 €	120.549.702 €	127.580.693 €
Operacións correntes	135.250.290 €	127.209.695 €	126.785.518 €
Saldo corrente	-20.332.353 €	-6.659.993 €	795.175 €
Ingresos de capital	61.082.383 €	47.354.151 €	35.389.052 €
Operacións de capital	40.750.030 €	40.694.158 €	36.184.227 €
Saldo de Capital	20.332.353 €	6.659.993 €	795.175 €

Cadro5. Saldo corrente e saldo de capital 2010-2011-2012

Como se pode apreciar, o saldo de operacións correntes no exercicio 2011, malia ofrecer un resultado negativo por importe de -6,7 millóns de euros, redúcese de maneira moi significativa a respecto de 2010 onde acadara os -20,3 millóns de euros. En 2012, o saldo corrente acada xa un resultado positivo por valor de 795.175 euros, o que reflicte os importantes esforzos que a Universidade de Vigo está a facer na minoración e/ou contención do gasto corrente.

3. MEDIDAS CORRECTORAS DO GASTO

Do sinalado no apartado anterior tírase a necesidade de adaptar a Universidade de Vigo á nova situación económica. Unha adaptación á que a institución respondeu cos orzamentos 2011, que marcan o camiño a seguir en anos vindeiros, guiados por un dobre obxectivo: 1) pola intención de manter unha correcta xestión financeira, coma en anos anteriores, evitando compromisos a futuro que limiten as posibilidades da Universidade; 2) realizar un esforzo orzamentario que permita manter os obxectivos e liñas estratéxicas do Plan Estratéxico 2008-2012 para mellorar así a nosa capacidade competitiva, ao tempo que se respecta o equilibrio financeiro.

O orzamentos da Universidade de Vigo, para os anos 2011 e 2012, responden a ese dobre obxectivo, xa que conteñen significativas medidas correctoras de ingresos e gastos que intentan axustarse ao novo marco económico-financeiro, ao tempo comprometen recursos nas liñas que permitirán unha meirande competitividade e, en consecuencia, maior utilidade social da universidade.

Para avanzar nesta dirección, é preciso desenvolver, en primeiro lugar, a política de contratos-programa por obxectivos coas facultades e escolas que permita consolidar e estender unha cultura interna que premie a competitividade e a consecución de obxectivos, concentrando os recursos limitados onde teñen unha maior rendibilidade.

En segundo lugar, é preciso implantar accións de mellora da eficiencia que permitan manter o nivel do servizo público ofertado e as condicións de traballo dos membros da comunidade universitaria, ao tempo que se minoran os custos. Hai que ter en conta, sen embargo, que dende hai anos se veñen aplicando políticas de eficiencia na xestión e de control de gasto, polo que as posibilidades de mellora son relativamente limitadas, aínda que imprescindibles.

Consideramos conveniente diferenciar entre as medidas relativas á racionalización dos gastos de persoal e outras actuacións para a redución do gasto corrente.

3.1. Racionalización do gasto corrente: gastos de persoal

Unha vez asumida a limitación para reducir o gasto corrente, preséntanse de seguido as cinco medidas a desenvolver no que atinxe ao Capítulo I, gastos de persoal, sen que se vexa afectado, de xeito significativo, o nivel de servizo.

As actuacións dirixidas ao control dos gastos de persoal deben diferenciarse nos dous grupos básicos que compoñen o persoal: O persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos.

3.1.1 Prazas de novo ingreso.

a) Persoal Docente e Investigador (PDI)

O obxectivo prioritario da Universidade de Vigo é favorecer a carreira profesional do seu PDI, convencidos de que esta elección reforza a capacidade competitiva da institución. Ademais, os programas estatais e autonómicos de fomento da carreira investigadora, obrigan ás universidades a un esforzo notable nos plans de estabilización de investigadores captados nos referidos programas. A Universidade de Vigo non vai renunciar aos compromisos adquiridos nestes programas de estabilización.

b) Persoal de Administración e Servizos (PAS)

Acaba de resolverse o proceso selectivo da oferta pública de emprego (OPE) convocada no ano 2009, no que se incorporaron con carácter fixo no cadro de persoal 97 traballadores, 49 laborais e 48 funcionarios. Esta oferta pública de emprego soluciona situacións de eventualidade e interinidade que viñan sufrindo un importante número de traballadores.

3.1.2. Procedementos para a contratación de persoal laboral temporal

a) Persoal Docente e Investigador (PDI)

A contratación temporal de persoal docente e investigador ven motivada por dúas causas diferentes. A primeira fai referencia á cobertura de determinadas figuras de profesorado. Nomeadamente, profesores axudantes doutores e, moi rara vez, profesores axudantes. Ademais, contrátanse tamén profesores asociados para impartir materias nas que é necesaria experiencia profesional.

Tamén se utiliza a contratación temporal para cubrir necesidades docentes de carácter transitorio, unicamente cando estas non poden ser atendidas coa capacidade docente dispoñible no departamento correspondente. Neste sentido, no ano 2011 revisáronse os criterios de contratación utilizando sempre,

con carácter preferente, as contratacións de interinos con dedicación parcial en lugar das contratacións a tempo completo.

b) Persoal de Administración e Servizos (PAS)

Con carácter xeral, procúrase reducir ao mínimo imprescindible as contratacións para substituír as vacantes de persoal. Cando resulte inevitable contratar, intentarase que o tempo da eventualidade sexa o menor posible.

3.1.3. Negociación cos axentes sociais dunha nova Relación de Postos de Traballo

a) Persoal Docente e Investigador (PDI)

O actual equipo de goberno adquiriu o compromiso de elaborar unha RPT de profesorado axeitada para cando as necesidades docentes se estabilicen, ao ter rematado o proceso de adaptación ao EEES. Na sesión de novembro de 2011 do Consello de Goberno, véñse de aprobar a normativa para o cálculo da carga docente básica, en función da cal se determinará o cadro docente estable da institución.

Non se crearán prazas do cadro de persoal, agás as derivadas dos plans de promoción aprobados, o convenio colectivo de PDI laboral, ou os programas de estabilización dos implicados nos programas Ramón y Cajal e Parga Pondal.

Respecto dos plans de promoción, tamén na sesión de novembro de 2011 do Consello de Goberno, véñse de aprobar o novo plan de promoción a cátedra, que pretende, respectando os lexítimos dereitos dos profesores acreditados, un control máis eficiente, tanto do seu impacto económico, como do alcance global e das repercusións deste proceso no conxunto das áreas e ámbitos de coñecemento.

A Universidade de Vigo impulsará o dereito recollido no convenio colectivo de PDI laboral de promoción a profesor titular, xa que esa promoción supón unha redución de custos salariais.

Son irrenunciabes os compromisos adquiridos no plan de estabilización dos investigadores dos programas Ramón y Cajal e Parga Pondal. En tanto persistan as condicións de austeridade e crise, as novas captacións de investigadores nestes programas, atenderán ao reequilibrio entre ámbitos e á capacidade da institución para asumir o compromiso de estabilización.

Persoal de Administración e Servizos (PAS)

A próxima negociación da RPT, tanto de persoal funcionario -xa iniciada- como de persoal laboral, debe permitir un axeitado redimensionamento do cadro de persoal existente. As evidentes necesidades derivadas de novos servizos, nova estrutura docente e adaptación ao EEES, deben de compensarse, na medida do posible, coa redistribución dos efectivos existentes naqueles servizos que están vendo diminuída a súa carga de traballo, consecuencia tanto da nova estrutura como da aplicación das novas tecnoloxías.

Por outra banda, o 31 de decembro de 2011 vence o segundo convenio colectivo de PAS laboral, sen que fose posible acadar un acordo, durante o tempo de vixencia do mesmo, para resolver o compromiso que recollía a súa adicional novena de desenvolver un programa axeitado de promoción interna. Agardamos acadar unha solución satisfactoria no proceso de negociación do novo convenio colectivo.

Na negociación da Relación de Postos de Traballo (RPT), xa iniciada co persoal funcionario, o obxectivo é abordar a imprescindible reestruturación dos servizos para unha mellor adecuación ás esixencias actuais da institución.

Este equipo de goberno mantén, nas negociacións cos axentes sociais, a oferta para desenvolver o proceso de funcionarización do PAS laboral. Ademais das evidentes vantaxes para o persoal, esta medida supón unha redución dos custos salariais.

3.1.4. Reformulación do plan de apoio ás actividades de xestión nos ámbitos directivo, docente e investigador.

No ano 2010, a Universidade de Vigo ten feito un importante esforzo por reducir os gastos de xestión. Diminuíronse nunha contía importante os custos do equipo de xerencia, así como o número de PDI e PAS con cargos de xestión.

Someteremos a aprobación, na vindeira sesión do Consello de Goberno -decembro 2011-, un modelo de contratos-programa cos centros, baseado en obxectivos, , que debe ter como resultado unha meirande eficiencia, tanto na xestión como na consecución de resultados.

3.1.5. Reformulación do Acordo sobre as medidas facilitadoras para a Xubilación voluntaria do profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios, aprobado no Consello de Goberno de 09/05/05.

Aínda que as medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado teñen dado excelentes resultados, tanto no relativo ao estímulo que supoñen para unha axeitada renovación do cadro de profesorado como no seu balance económico, o actual momento de crise e o progresivo incremento da

idade do cadro de persoal facían prever un aumento considerable do número de persoas que no futuro inmediato se acollerían a este plan. Era imprescindible, polo tanto, reformular o sistema, para poder garantir a súa viabilidade económica futura. Na sesión de Consello de Goberno de xuño de 2011, aprobouse a reformulación do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado, que modifica tanto a idade á que se pode ter acceso á xubilación voluntaria, como a contía da compensación económica.

3.1.2. Outras actuacións en materia de ingresos e gastos

Dentro das posibilidades de contención de gastos, especialmente do Capítulo II, gastos correntes, enuméranse a continuación as opcións escollidas, atendendo á natureza dos gastos e á análise da situación existente en cada un deles.

- 1) Revisión dos gastos de conservación e mellora, desenvolvemento de procesos de compra agregada, incentivando procesos, xa en curso, de licitación pública.
- 2) Revisión dos gastos en material de oficina e desenvolvemento de procesos de compra agregada, incentivando procesos, xa en curso, de licitación pública.
- 3) Revisión dos procesos de compra de servizos de comunicación: telefonía, mensaxeiros e postais, incentivando procesos, xa en curso, de licitación pública.
- 4) Revisión dos gastos en primas de seguros, incentivando procesos, xa en curso, de licitación pública e revisando as características das coberturas solicitadas.
- 5) Introducción dunha nova política de xestión de impostos municipais, exercendo o dereito a exención do IBI, do ICIO e do IVTM en Vigo, Ourense, Pontevedra e San Cibrao das Viñas.
- 6) Axuste dos gastos en atencións protocolarias.
- 7) Centralización e axuste dos gastos en publicidade e propaganda.
- 8) Axuste dos gastos en servizos externos de limpeza e aseo a través da reorganización e redimensionamento dos servizos para xerar economías de escala.
- 9) Axuste dos gastos en servizos externos de vixilancia e seguridade a través da reorganización e redimensionamento dos servizos para xerar economías de escala.
- 10) Internalización de servizos prestados por empresas alleas, previa capacitación e formación do cadro de persoal propio da universidade.
- 11) Minoración do gasto en Cursos y Conferencias, restrinxindo a utilización de medios alleos aos casos estritamente necesarios.
- 12) Minoración do gasto en Extensión Universitaria, potenciando a realización de actividades con menor custe por acción.
- 13) Minoración do gasto en indemnizacións por razón de servizo.
- 14) Reformulación da política de publicacións propias priorizando as liñas de acción.

- 15) Reformulación do ao Plan de Calidade Docente de Centros e Departamentos, axustando os incentivos ao contido do Plan Estratéxico da Universidade.
- 16) Reformulación da política de bolsas ao alumnado, evitando as ineficiencias e favorecendo un maior apoio a estudantes en situacións de especial dificultade.
- 17) Reformulación da política de subvencións e transferencias, revisando a colaboración coas diferentes fundacións coas que se manteñen acordos.
- 18) Axustar os novos investimentos en infraestrutura e equipamento ás disponibilidades financeiras e ás achegas externas que se acaden en convocatorias competitivas, priorizando e dimensionando os proxectos a abordar.
- 19) Reformulación das axudas propias á investigación, priorizando e axustando o gasto.
- 20) Incremento da recadación por cotas de uso de espazos públicos.
- 21) Incremento da recadación por servizos prestados por actividades investigadoras.
- 22) Incremento da recadación por contrato de actividades de I+D, especialmente aqueles de carácter institucional.

4. PROYECCIÓN DOS INGRESOS PREVISTOS 2011-2014

Unha vez comentadas as medidas correctoras do gasto xa en vigor, ou en proceso de implantación, comentamos neste epígrafe a estimación de ingresos procedentes do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, para a totalidade do horizonte de planificación.

DENOMINACION FONDOS	2011	2012	2013	2014
Fondo financiamento custos estruturais	88.016	88.401	88.786	90.041
Fondo financiamento investimentos para reparación e mellora	1.629	1.629	1.629	1.629
Mantemento consellos sociais	200	200	200	200
Financiamento prazas vinculadas SERGAS	62	62	62	62
Subvención compensación custos inducidos	354	354	354	354
Subvención por resultados	6.367	6.367	13.193	13.193
Financiamento por mellora da calidade	5.420	5.940	5.940	6.120
TOTAL	102.048	102.953	110.164	111.599

Cadro 7. Estimación dos ingresos procedentes do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (en miles de €)

Para unha mellor comprensión dos datos, analizamos a continuación cada un dos apartados, así como os criterios de previsión empregados:

- **Fondo de financiamento dos custos estruturais.** No exercicio 2011 a totalidade deste fondo repartiuse en base a criterios "históricos" que viñan a consolidar as porcentaxes de reparto entre as tres universidades que se aplicaban no anterior Plan de Financiamento do SUG 2005-2010. Entendendo que eses criterios "históricos" non reflectían a actual realidade do Sistema Universitario Galego, a Universidade de Vigo ao longo de todo o proceso de negociación do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, defendeu a introdución de criterios competitivos para o reparto deste fondo. Finalmente, o Plan establece que unha porcentaxe anualmente crecente do Financiamento Estructural se repartirá por criterios competitivos (5% no 2012, 10% no 2013, 15% no 2014 e 20% no 2015). Estes novos criterios foron aprobados no Consello de Universidades de Galicia de novembro de 2011, e aparecen recollidos nunha addenda ao Plan de Financiamento do SUG 2011-2015.

Os novos criterios de reparto aprobados son: Campus de excelencia internacional, captación de recursos externos, internacionalización, transferencia de coñecemento e calidade na docencia.

Á espera de que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria confirme os resultados para 2011 da aplicación destes criterios, as nosas estimacións permítennos ser optimistas, tanto para 2012 como para os seguintes exercicios, sempre que, como é obvio, sexamos quen de manter os nosos actuais resultados.

- **Fondo de financiamento de investimentos para reparación e mellora.** Seguindo un criterio conservador, mantense para os exercicios 2012 a 2014 a mesma previsión de ingresos que a obtida no exercicio 2011, xa que se ben o plan prevé a posibilidade de aplicación dun criterio de reparto distinto do utilizado en 2011, a data de hoxe non se avanzou na negociación dun novo criterio.
- **Mantemento dos Consellos Sociais.** Do mesmo xeito que no caso anterior, aplícase un criterio conservador para a estimación de ingresos a percibir nos exercicios 2012 a 2014, e mantense a mesma cantidade do exercicio 2011, aínda que o plan abre a posibilidade de negociar un criterio distinto a pactar entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os Consellos Sociais das tres universidades.
- **Financiamento das prazas vinculadas ao SERGAS.** A día de hoxe, esta é unha partida de ingresos moi pouco relevante para a Universidade de Vigo. Tamén aquí seguimos un criterio de previsión cauteloso e mantemos para os exercicios 2012 a 2014 o mesmo importe que no 2011. Os máis que probables cambios que se poidan producir nas relacións entre o SERGAS e a Universidade de Vigo, a raíz, sobre todo, da definición dun novo mapa de titulacións, implicarán cambios na contía dos ingresos a percibir por este epígrafe.

- **Subvención para a compensación dos custos inducidos por cambios na normativa estatal ou autonómica.** Este fondo inclúe as compensacións ás universidades polo incremento de custos en actividades universitarias, derivadas de cambios normativos. Seguindo o mesmo principio de prudencia que nos anteriores apartados, estímase para os exercicios 2012 a 2014 o mesmo importe que o percibido no exercicio 2011.
- **Financiamento por resultados.** O contrato programa entre a Universidade de Vigo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, asinado o 28 de xullo de 2011, en desenvolvemento do establecido no Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, establece, a partir de 2013, un reparto competitivo deste fondo, que estará en función dos resultados acadados por cada universidade. Hai que ter en conta ademais, que se ben para os exercicios 2011 e 2012 este fondo representa o 5 % do financiamento total, a contía do financiamento por resultados pasará a ser o 10 % do financiamento total a partir do exercicio 2013, data en que se asinarán os segundos contratos programa 2013-2015. Así pois, a contía dos recursos que se obterán neste epígrafe estará en función directa dos resultados que sexamos quen de acadar. Os indicadores polos que se avaliarán os resultados de cada unha das universidades, e a súa correspondente ponderación, figuran no anexo ao Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, así como nos contrato programa asinado pola Consellería de Educación en Ordenación Universitaria e cada unha das universidades galegas. O nivel dos resultados que se teñen acadado ata o momento pola Universidade de Vigo, permítenos ser moderadamente optimistas na cuantificación dos ingresos a obter por este epígrafe a partir de 2013.
- **Financiamento por mellora da calidade.** Consonte establece o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, o reparto deste fondo, que representa o 5% do financiamento total, nos exercicios 2012-15 vincúlase ao cumprimento por parte das universidades dos compromisos adquiridos nos planos de sustentabilidade, primándose criterios de eficiencia e eficacia na xestión económico-financeira, na propia planificación académica das universidades e as medidas que permitan compartir recursos entre as tres universidades galegas. A data de hoxe, a Consellería de Facenda aínda non ten decidido cómo se aplicarán eses criterios de reparto nin, polo tanto, cál será a contía a percibir por cada unha das universidades no exercicio 2012. A pesar de que a xestión que se ven facendo dende hai anos na Universidade de Vigo permitiríanos ser moderadamente optimistas, á espera da resolución que finalmente adopte a Consellería de Facenda, aplicamos unha vez máis o criterio de prudencia na estimación dos ingresos futuros que se derivarán deste fondo.

En conxunto, a estimación, coidamos que prudente e realista, sobre as achegas á Universidade de Vigo derivadas do Plan de Financiamento 2011-2015, no horizonte temporal que abrangue esta planificación plurianual, ofrece unha evolución positiva que é consecuencia do esforzo realizado por toda a comunidade universitaria e dos resultados que fomos quen de acadar.

Esta visión de moderado optimismo debe modularse, sen embargo, atendendo ao establecido no apartado terceiro do Novo Plan de Financiamento do SUG 2011-2015: “a variación anual da contía total dos fondos contemplados no plan, estará suxeita á evolución anual do conxunto dos recursos que integran o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma ...”. Non é preciso lembrar aquí a situación de crise económica profunda na que nos atopamos nin as súas repercusións na situación financeira das administracións públicas.

5. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PERÍODO 2012-2014

As futuras liñas xerais de actuación estarán condicionadas pola necesidade de limitar o volume gasto aos ingresos dispoñibles, consonte o establecido na Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Só as achegas que se poidan acadar a través de concorrência competitiva incrementarán o financiamento dispoñible. O recurso ao remanente de libre disposición estará vedado a partir de agora.

Así pois, polo lado do gasto, como xa se comentou no epígrafe 3. Medidas correctoras do gasto, a única alternativa é axustar e conter o Capítulo I, gastos de persoal, continuar a reducir, como se ven facendo dende o ano 2010, no Capítulo II, gastos correntes, e limitar ás operacións de conservación e mantemento o Capítulo VI, investimentos reais, condicionando a realización de obra nova á obtención de recursos finalistas en convocatorias competitivas.

A estimación da evolución financeira da Universidade de Vigo para o período 2011-2014 e a que se reflexa no Cadro 8.

Esta previsión, axustada á evolución estimada dos ingresos, establece unha senda de corrección da situación de déficit contable excesivo -que non débeda bancaria- na que a Universidade de Vigo se atopa na actualidade, conforme as normas do Sistema Europeo de Contas (SEC).

A normativa legal á que está sometida a Universidade de Vigo como Administración Pública que é, nomeadamente a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, e os preceptos do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, obrigan a percorrer este camiño de contención e axuste para garantir a viabilidade futura da Institución.

Este marco económico-financeiro permite, sen embargo, desenvolver as actuacións prioritarias polas que aposta este equipo de goberno e que se recollen nas Liñas Básicas de Actuación Orzamentaria que someteremos de seguido ao preceptivo informe deste Claustro.

ESTIMACION DA EVOLUCION DA SITUACION FINANCEIRA				
(En miles euros)	ORZAMENTO INICIAL 2011	PREVISION ORZAMENTO 2012	PREVISION ORZAMENTO 2013	PREVISION ORZAMENTO 2014
Capitulo III	15.494	15.854	16.181	16.200
Capitulo IV	104.774	111.537	118.305	119.740
Capitulo V	282	190	108	96
(1) Ingresos correntes	120.550	127.581	134.594	136.036
Capitulo I	94.823	93.598	93.238	93.768
Capitulo II	24.581	25.185	22.056	21.886
Capitulo III	50	50	50	50
Capitulo IV	7.156	7.592	7.612	7.843
Capitulo V	600	360	320	280
(2) Gastos correntes	127.210	126.785	123.276	123.827
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO (3)= (1)-(2)	-6.660	796	11.318	12.209
Capitulo VI	0	0	0	0
Capitulo VII	25.821	19.319	20.661	21.304
(4) Ingresos de capital	25.821	19.319	20.661	21.304
Capitulo VI	38.214	33.592	28.070	28.870
Capitulo VII	0	0	0	0
(5) Gastos de capital	38.214	33.592	28.070	28.870
Ingresos no financeiros	146.371	146.900	155.255	157.340
Gastos no financeiros	165.424	160.377	151.346	152.697
SALDO OPERACIÓNS DE CAPITAL (6)= (4)-(5)	-12.393	-14.273	-7.409	-7.566
DEF/SUP ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO (7)=(3)+(6)	-19.053	-13.477	3.909	4.643
a. Capitulo VIII	15.272	16.070	2.542	3.224
b. Capitulo IX	6.262	0		
Ingresos financeiros	21.534	16.070	2.542	3.224
c. Capitulo VIII	50	50	50	50
d. Capitulo IX	2.430	2.542	2.542	3.224
Gastos financeiros	2.480	2.592	2.592	3.274
SALDO DE ACTIVOS FINANCEIROS (8)= a-c	15.222	16.020	2.492	3.174
VARIACION NETA PASIVOS FINANCEIROS (9)= b-d	3.832	-2.542	-2.542	-3.224
13. Conta 409	210	180	150	120
Total axustes Contabilidade Nacional (15)	210	180	150	120
CAP/NEC DE FINANCIAMENTO SEC´95 (16)=(7)+(15)	-18.843	-13.297	4.059	4.763

Cadro 8. Evolución da situación financeira da Universidade de Vigo para o período 2012-2014 (en miles de euros)